



Organiza:

Real Academia Galega de Belas Artes

Praza do Pintor Álvarez de Sotomayor, 1
15001 A Coruña
Teléfono e fax 981 211 602
info@academiagalegabelasartes.org
Www.academiagalegabelasartes.org

Programación artística do concerto de carácter benéfico proposto polo
CUARTETO DE CORDAS SCHUBERT
a favor de



Patrocinan:

 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

 Deputación
DA CORUÑA

 Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

 Fundación Barrié

Real Academia Galega de Belas Artes

"CUARTETO DE CORDAS SCHUBERT"

FUMIKA YAMAMURA, *violín*
ADRIÁN LINARES, *violín*
GABRIEL BUSSI, *viola*
ELENA ESCALZA, *violoncello*

Artista invitado
LUIGI MAZZUCATO, *viola*

CONCERTO A BENEFICIO DE
HOGAR SOR EUSEBIA DE A CORUÑA

Mércores, 25 de abril de 2018
Ás 20:00 horas
Salón de Actos da Academia

concerto

NOTAS AO PROGRAMA

O programa de hoxe expón unha formación camerística non moi usual, engadindo unha segunda viola ao cuarteto de corda clásico. Aínda que popularmente considérese o cuarteto a formación máis “nobre” da música de cámara, o quinteto ofrece vantaxes considerables: por unha banda, é obvio que unha quinta voz independente aumenta as posibilidades da armazón polifónica, a propia arte de combinar e contraponer as voces. Pero, tamén é certo que con cinco voces amplíanse as posibilidades de escribir verdadeiras pasaxes concertantes, nas que unha voz solista destacada é acompañada polas outras, feito que tamén ocorre nos cuartetos de corda, pero que no caso do quinteto adquire unha dimensión máis ampla — máis sinfónica, se se quere —, ao haber un cuarteto enteiro a disposición para acompañar a unha voz solista. Tamén é unha formación que alcanza máis sonoridade en momentos cume, tratándose por tanto dun xénero moi interesante, tanto en aspectos camerísticos refinados, como en recursos sinfónicos moi valiosos.

WOLFGANG AMADEUS MOZART

O quinteto de corda n.º 4 de W. A. Mozart foi completado en 1787 menos dun mes despois do seu quinteto de corda n.º 3, sendo as dúas obras verdadeiros xigantes do xénero. É notable que Mozart escribise un total de 6 quintetos de corda, unha cantidade á que moi poucos compositores chegaron, só eclipsado en cantidade por Boccherini, que con máis dunha centena de obras desenvolveu un fervor descomunal a favor do quinteto de corda, aínda que máis polo quinteto con dous violoncellos. O quinteto que soará hoxe é unha obra melancólica e profunda, moi típica das obras de Mozart en sol menor. Na súa construción segue os esquemas clásicos, pero con esa mestría nos detalles que fai esquecer os esquemas e trascédeos. Tamén apréciase a man do autor na habilidade de saltarse as normas no xusto momento e a xusta medida, para crear unha obra perfecta no seu equilibrio entre tradicional e orixinal. Por exemplo, se durante os tres primeiros movementos carga a obra cun ton patético e sentimental, e mesmo inicia o cuarto movemento cun canto lamentoso que augura máis do mesmo, resolve a obra cun Allegro bulicioso propio dun divertimento, como para curar a dor causada anteriormente.

JOHANNES BRAHMS

O quinteto de Brahms Op. III ocupa unha praza destacada entre as súas obras, xa que é posible que o propio Brahms considerásea a súa última obra, no momento de escribila. É unha obra que aproveita a formación de quinteto en toda a súa plenitude, moi ao estilo Brahms, e con todo, notablemente concisa para o que se agardaría dunha obra de importancia. É coma se o propio Brahms fixese un resumo da súa música, un repaso concentrado da súa arte en forma de quinteto. Cada movemento é notable e un monumento en si: o *Allegro* inicial que irrompe con sonoridade e enerxía, unha mestura de grandeza e refinamento digna das mellores obras do compositor; o *Adagio* lírico e melancólico que nos chega ás profundidades da alma; o *Poco allegretto* que coa súa levidade doce e poética exponnos a solución particular de Brahms ao que anteriormente era o *minuetto* ou *scherzo*; e o *Vivace* final, que unha vez máis nos mostra o Brahms *húngaro*, de carácter rústico e valente, mestura irresistible de contrapunto exquisito con alma apaixonada, un final fulgurante desta obra, e en certo xeito da obra enteira deste gran xenio.

CUARTETO DE CORDAS SCHUBERT

FUMIKA YAMAMURA, *violín*
ADRIÁN LINARES, *violín*
GABRIEL BUSSI, *viola*
ELENA ESCALZA, *violoncello*

Artista invitado:
LUIGI MAZZUCATO, *viola*

W. AMADEUS MOZART (1756-1791)

Quinteto de corda n.º 4 en sol menor K. 516

- I. **Allegro**
- II. **Menuetto: Allegretto**
- III. **Adagio ma non troppo**
- IV. **Adagio - Allegro**

JOHANNES BRAHMS (1833-1897)

Quinteto de corda n.º 2 en sol maior, Op. 111

- I. **Allegro non troppo, ma con brio**
- II. **Adagio**
- III. **Un poco allegretto**
- IV. **Vivace, ma non troppo presto**